

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 18 DE SETEMBRO DE 1995.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dezaeito de Setembro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Os membros da Comisión Municipal de Goberno presentes, aproban, por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o pasado día 11 de Setembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito presentado por U.T.E. "Orense-Melón", con enderezo na Estrada N-120, p.k. 585, de Laidas -Cenlle, no que interesa autorización para proceder a un recheo na "valgada" existente no p.k. 593,600 da devandita estrada, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a un informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di: "O recheo realizárase segundo condicións do MOPT, expte. 286/95.- Na superficie superior resultante despois do recheo deberase acotar a superficie co ancho de servidume mediante un amolloamento en ambas liñas laterais, catro fitos por marxe.-

Previo ó recheo deberase contar coa autorización dos propietarios dos medio scircundantes.- As obras de construción do drenaxe da autovia no seu pase pola N-120 vella incide nos servicios de auga e na rede de sumidoiro que pasan pola estrada, o colector de drenaxe, deberá construírse de xeito que non incida sobre a rede de sumidoiro actual.- Deberá aportarse ó Concello a documentación técnica que defina o pase do colector na N-120 vella e a súa incidencia coa rede de sumidoiro e abastecemento".

Visto o escrito de Don José Raña Paz, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Maquiás, 1, 3º B, no que prega se lle conceda a acometida de auga para uso doméstico no devandito domicilio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servizo; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de Ribadavia e de Sam Paio.

Da Dirección Xeral de Produccion Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias da Conselleria de Agricultura, Ganderia e Montes concedendo unha subvención para a XXXII Feira do Viño do Ribeiro.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura relativa ó quilometraxe presentado por Don José Manuel Deaño Carballeda, correspondente ós meses de Xullo e Agosto pasado, por un importe de 39.720 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención por importe de 50.000 pesetas a A.P.A. do colexio publico de E.X.B "Tomás de Lemos" para a realización de actividades durante o ano 1995.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención económica ó Ribadavia Atlético, para a celebración do 4º Trofeo-Festas do Portal 95, por importe de 25.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención económica de 75.000 pesetas, en concepto de axuda á Asociación "Mulleres Rurais", pola confección da alfombra á Virxe do Portal, este ano.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención por importe de 10.000 pesetas á Asociacións de Clubes da Provincia de Ourense, para a celebración do I Torneo da Asociación.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda fixa-lo prezo de venda dos vídeos de promoción turística de Ribadavia, "Ribadavia Viva", por importe de 1.500 pesetas; a devandita venda levarase a cabo na Oficina de Información Turística desta Vila.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.